

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria do pleno nº 12/16

Data 15-12-2016

Acta anterior 13-10-2016

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D. José Emilio Mahía Neira

D^a María del Carmen Torreiro Cotos

D. José Antonio Cotos Seoane

-D^a. Marta García Sánchez

Concelleiro que toma posesión

D. Álvaro Xesús García Freire

Concelleiros non asisten:

D. Jesús Gómez García

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 12/2016

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día quince de decembro de dous mil dezaseis.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e tres minutos do día quince de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai inicialmente 4 cidadás presentes en calidade de público, aos que se suma outro no transcurso da sesión.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación de actas anteriores (00' 33")

A continuación o alcalde informa das actas do pleno remitidas para a súa aprobación dende as últimas presentadas, que son as número 10 e 11.

O portavoz do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane quere aclarar sobre a *acta número 11, punto 4. Rogos e preguntas, apartado G Protección de datos no Rexistro de entrada, onde pon no parágrafo sexto "o alcalde, Fernando Pérez Fernández...*, lendo a totalidade do parágrafo, ata o final, onde se di que el (José A. Cotos) di que *"esa resposta é a que el quería oír, e aclarando que a súa queixa non é polo alcalde nin pola equipa de goberno nin por outras persoas, senón pola oficina"*. A aclaración (01'43") é que quere deixar claro é que el sabe que eses comentarios saíron á luz pública e que non sabe quen foi o que os fixo públicos, se foi o persoal ou se foi o alcalde ou quen foi.

Contesta o alcalde que esa parte foi moi mirada, que eu persoalmente escoiteina varias veces, que se transcribiu segundo está gravado e que se di claramente que foi dende a oficina e que está gravada na memoria do ordenador do secretario. Iso foi o que se dixo e se se quere desdicir, é outra cousa.

José A. Cotos di que el non se quere desdicir, senón que quero que quede claro que eu non sei quen foi e que xa o dixen eses día, contestando o alcalde que dixéchedes os dous (referíndose a José A. Cotos e a Marta García) que a información saíra da oficina, interrompendo Marta García Sánchez en que eles facían fincapé en que a información saíra de aquí (do concello).

O alcalde di que se afirmou claramente, tanto por Marta como por José Antonio, que fora na oficina e que está gravado e que o que estades dicindo recollerase nesta acta, pero o que se recolleu na

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

anterior é o que se dixo na anterior, e que a gravación está para escoitar.

Continúa o debate, significativamente nos mesmos termos, insistindo José A. Cotos Seoane que el non sabe de onde saíu a información, pero que saír saíu, da oficina, dos concelleiros ou de quen fose e o alcalde Fernando Pérez Fernández afirma que na gravación escoitase como el pregunta se é pola equipa de goberno e dise que non e que eu digo nun momento se é pola oficina e Marta responde “Aí, aí”

Marta García Sánchez di se se falou da oficina é porque é onde se presentan as cousas e que xa volverán a escoitar a gravación detidamente.

Finalmente acórdase recoller someramente este debate sen facer correccións na acta da sesión.

Transcorridos (04'50") o alcalde intervén para dicir que, en referencia aos puntos de luz de Présaras quere deixar claro que cumpren a normativa e que xa se cambiaron, explicando brevemente o proceso.

Engade que, en referencia ao punto da lista de espera de axuda a domicilio, pediu un informe á Asistente social que pasa a ler, e **que se unirá como anexo I a este pleno.**

Sendo as (10'18") remata a lectura.

Finalmente procédese, á petición do secretario, a votar a aprobación formal das actas 10 e 11 deste exercicio, contestando o alcalde que non hai ningunha modificación á redacción das actas, agás neste punto (o da asistente social) que pretendo incluílo no próximo pleno (o informe da asistente social).

José A. Cotos Seoane di que quere escoitar a gravación da acta 11/16 para comprobar se a redacción corresponde coa mesma e que, entremetres, non se aprobe a mencionada acta.

O secretario deixa constancia de que, en consecuencia, entende que se aproba a acta 10/16 nos seus propios termos e queda pendente da revisión da gravación a acta 11/16

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (13' 14")

O alcalde dá conta das actas remitidas da Xunta de goberno local, ata a número 24, do 11-11-2016, incluída o que confirman os concelleiros presentes que é certo.

3.- Toma de posesión do novo concelleiro Álvaro Xesús García Freire (BNG) (14' 35").

A continuación o alcalde dá conta da recepción da credencial emitida pola Xunta electoral central en escrito RE 1908 do 9 de decembro de 2016, a nome de Álvaro Xesús García Freire (candidato nº 6 do BNG), explicando o proceso dende a renuncia da anterior concelleira Manuela García Freire, e a posterior renuncia a ser nomeados concelleiros, antes da súa toma de posesión, dos seguintes na lista (nº 4 e 5) Javier Freire Vázquez e Mónica Mahía Gómez, respectivamente, a cal se debe de entregar ao mencionado futuro concelleiro, quen se atopa presenta na sala e pasa neste momento a ocupar un espazo na mesa.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O sr. Secretario dá conta de que Álvaro Xesús García Freire presentou a oportunas declaración a efectos do rexistro de intereses dos membros da corporación.

Seguidamente procédese a cumprir co requisito legal de prestar xuramento ou promesa segundo dispón o artigo 108.8 da mesma Lei orgánica 5/85, de 19 de xuño, o cal realiza prometendo.

A continuación o novo concelleiro di unhas breves palabras, que en resume son: Que esta é a terceira vez de accede ao cargo de concelleiro e que xa foi o primeiro concelleiro nacionalista deste concello, do que se sinte orgulloso e que sempre, dende o goberno ou dende a oposición intentou traballar a prol dos veciños de Vilasantar. Tamén se sinte orgullo de ter deixado un concello saneado. Sempre pelexei a prol da viabilidade dos concellos pequenos e nese sentido está a favor do novo POS da deputación na que están os nacionalistas e que vai significar un cambio a favor destes concellos e que vai permitir que o de Vilasantar se sanee.

Finalizada a súa intervención o alcalde reitera a súa benvida.

4.- Operación de tesourería 02/16. (18' 21")

A continuación o alcalde explica a necesidade desta operación de tesourería por importe de 200.000,00 euros, que xa se mantén practicamente dende o ano 2005. Informa que, segundo o informe de intervención a operación está permitida por ser inferior ao 30% e que ten que ser aprobada, no seu caso, polo pleno, por superar o 15%, e que ten informe favorábel a Comisión de contas por tres votos a favor (PP) e unha abstención (BNG).

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane di que xa en anteriores ocasións ten opinado o seu grupo, e el mesmo, sobre a situación dos préstamos do concello e esperando que o próximo ano non sexa necesario utilizar unha operación como esta.

Seguidamente procédese a votación da única proposta presentada por Abanca, adoptándose por 5 votos (PP) a favor e 3 abstencións (BNG), os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Adxudicar a concertación da operación de tesourería nº 02/2016, coa entidade Abanca, sendo as condicións da operación as seguintes:

Importe.....	200.000,00 euros
Prazo.....	12 meses
Liquidación.....	trimestral
Tipo de interese fixo.....	Euribor 3 meses + 0,91 puntos
Prazo.....	1 ano
Comisións apertura.....	0%
Apertura, estudo, non dispoñibilidade.....	0%
Intereses de demora.....	2% por enriba do interese debedor en cada momento de cálculo

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

5.- Inicio de expediente de concurso para concesión de licenza de autotaxi e aprobación do prego de cláusulas. (20' 27")

A continuación o alcalde explica a necesidade de proceder ao inicio da concesión dunha licenza de autotaxi neste concello, que actualmente non ten ningunha, explicando brevemente os antecedentes, referíndose ao escrito da Xunta de Galiza en que se informa de que o único taxi que quedaba en Vilasantar foi dado de baixa por non visar a autorización autonómica o seu titular, que deixou pasar case dous anos sen facelo, estando dende aquela sen licenza. Le o escrito da Xunta-Dirección xeral de mobilidade no que, a petición da alcaldía, infórmase favorablemente ao inicio por este concello do proceso para a concesión por concurso dunha licenza de taxi, das dúas que pode ter como máximo, segundo a lexislación. Nós queremos ter un taxi en Vilasantar de acordo coa lei, por iso propomos este concurso.

Da situación do taxi en Vilasantar xa se dou conta na Xunta de goberno local de 08-04-2016.

A continuación indica a existencia dun erro na redacción final dos pregos de cláusulas administrativas, pois na proposta inicial do secretario incluíase a posibilidade de cobrar un canon que finalmente non se aceptou na proposta final, pero quedaron algúns parágrafos sen corrixir (segue a figurar un modelo de proposición económica, o que non ten sentido). A proposta é, obviamente, aprobar os pregos sen estes erros mecanográficos evidentes.

O concelleiro do BNG Álvaro García Freire (26'02") fai preguntas sobre a valoración dos períodos traballados e a antigüidade, explicándolle o alcalde onde figura dita valoración nos pregos propostos, lendo os parágrafos relacionados o que produce un breve debate.

Finalmente o alcalde propón aprobar o inicio do concurso e deixar pendente a aprobación dos pregos para consensualos coa oposición.

Tras un breve debate finalmente proponse aprobar o inicio do expediente, delegando expresamente no alcalde a aprobación dos pregos, que serían consensuados por este cos membros da oposición, o que resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

6.- Mocións (31' 43").

A continuación dáse conta das seguintes mocións:

A/ Moción presentada por Rexistro de entrada 1770 de data 16-11-2016 de oposición á LOMCE e ás súas revalidas (31' 50").

O portavoz do BNG José A. Cotos Seoane, á vista da existencia actual de negociacións sobre a LOMCE, solicita a retirada deste punto da orde do día, o cal se fai.

B/ Moción presentada por Rexistro de entrada 1772 de data 16-11-2016 sobre a transferencia da AP-9 (32' 21").

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O portavoz do BNG José A. Cotos Seoane, le as propostas de acordo, que son os seguintes:

- 1.- *Instar ao Goberno central e ao Ministerio de fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.*
- 2.-*Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.*
- 3.- *Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficios das usuarias e usurarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.*
- 4.- *Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes xerais, ademais do Goberno central e a Presidenta do congreso dos deputados.*

A continuación (33' 36") toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández quen le un texto, indicando, en resume, que neste momento hai xa creada unha comisión e que hai un consenso sobre a necesidade dese traspaso entre os grupos políticos galegos. Enténdese tanto polo ministerio como pola Xunta que na autoestrada AP-9 hai uns problemas de xestión que se pretenden encauzar coa creación desta comisión. Entre as primeiras medidas que adoptará esta comisión está que sexa o goberno central quen pague as bonificacións existentes.

En resume, nós estamos de acordo co traspaso da AP-9 pero agora creouse esta comisión que vai coller os problemas de xestión, e que, para collela nós, antes teríamos que ver de onde van saír eses cartos

Continúa dicindo que eles estarían de acordo cos puntos 1, 2 e 4, retirando o 3, e que se se retira apoiarían e, senón, rexeitariámola

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire preguntando ao grupo do PP se están de acordo co rescate das autoestradas de Madrid para salvar aos bancos e empresas privadas, contestando o alcalde que se trata de evitar debates secundarios para centrarse en exixir o traspaso da AP-9 que para eles é o importante. O BNG está en contra de que o Estado pague por ese rescate, preguntándose por que se poden rescatar as que teñen perdas e non a AP-9, cando nós pensamos que esta xa está sobre pagada mentres que as de Madrid son un negocio que saíu mal e que apanden coas perdas do mesmo xeito que quedarían coas ganancias.

O alcalde ratifícase na proposta de votar sen o número 3.

Tras un amplo debate acórdase votar primeiro os puntos 1, 2 e 4 e posteriormente o 3.

Os puntos 1, 2 e 4 son aprobados por unanimidade dos asistentes.

O número 3 é rexeitado por cinco votos en contra (PP) e tres a favor (BNG)

C/ Moción presentada por Rexistro de entrada 1771 de data 16-11-2016 a prol da ampliación da acreditación por violencia machista, do estatuto do feminicidio e da toma de medidas

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica (41' 26").

A concelleira do BNG, en función de portavoz, Marta García Sánchez, le as propostas de acordo, que son os seguintes:

1.- Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de protección integral contra a violencia de xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar, sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de traballo e da seguridade social e calquera que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas de feminicidio.

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información e inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención ás mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2.- Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

3.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

A continuación (44' 06") toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández indicando que este é un punto no que están moi de acordo pero con diferencias nas formas, polo que votariamos en contra, pero antes propomos unha emenda transaccional, que pasa a ler:

1.- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír neste período de sesións a Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres.

2.- Instar ao Parlamento de Galiza a incluír no Plan de traballo da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres, á proposta dos grupos parlamentarios que a integran, a persoas expertas no ámbito xurídico co obxecto de poder avaler a inclusión do termino Feminicidio na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero así como outras posíbeis modificacións lexislativas.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

3.-- Instar á Xunta de Galiza, en diálogo coas organizacións sociais, sindicais, empresariais e dentro da mesa do diálogo social a que se promovan medidas encamiñadas a que as empresas cumpran co dereito á igualdade salarial e a non discriminación retributiva entre mulleres e homes.

A continuación o alcalde informa que o 24 de febreiro de 2015 creouse en Curtis unha mesa local contra a violencia de xénero que está presidida polo xuíz decano de Betanzos, indicando o resto da composición. Nós estamos incluídos nesa mesa.

En xuño deste mesmo ano asinouse o protocolo de actuacións e creáronse tres subcomisións, a de Curtis, a de Sobrado e a de Vilasantar, con competencias en cada técnico municipal, estando integrada a de Vilasantar, polo alcalde, a traballadora social e o persoal do CIM describindo o seu protocolo, onde se define a violencia de xénero, os seus tipos, os obxectivos, as liñas estratéxicas e sobre todo, as pautas xerais para identificar os casos de violencia de xénero, características desas mulleres, perfís do agresor e os criterios de actuación cando apareza un caso no concello, estendéndose sobre as súas competencias, funcións e normas de funcionamento.

Finalmente o alcalde di que o que queren é introducir a posibilidade de que se inclúa o termo Femicidio, xerándose un breve debate entre Marta García Sánchez e Fernando Pérez Fernández sobre o termo Femicidio, que propón a primeira, e Violencia de xénero, que propón o segundo, lendo as definicións de ambos os dous termos.

Finalmente o grupo municipal do BNG non acepta a transaccional proposta polo grupo municipal do PP.

Seguidamente, sendo as (50'46") procédese a votación da moción presentada polo grupo municipal do BNG, que resulta rexeitada por 5 votos en contra (PP) a favor e 3 a favor (BNG).

D/ Moción de urxencia, presentada polo grupo municipal do BNG encol dos ataques e a cercanía dos lobos ás casas deste concello. (51' 12").

O concelleiro do BNG Álvaro García Freire, propón ao pleno o estudo dunha moción de urxencia encol dos ataques e a cercanía dos lobos ás casas deste concello, téndose producido, que eles saiban, tres ataques e o que pretendemos coa presentación da moción é que interveña a administración. Non é só o problema do lobo, tamén hai danos polo xabaril.

Engade que o que se pretende coa moción é que a Consellaría faga un censo destes animais neste concello e nos lindeiros, que se adopten medidas de control e que se axilice o pago das indemnizacións, pois actualmente estanse pagando as do ano 2014.

Explica a moción indicando que eles consideran que o medio ambiente hai que coidalo, pero non o teñen que coidar só os gandeiros, senón a sociedade e entón ten que pagar a sociedade e ten que facerse nun prazo razoábel.

Exposta a razón da moción vótase sobre a súa declaración de urxencia, a cal é apreciada por unanimidade dos asistentes.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, manifesta o seu acordo coa moción, se ben entende que habería que especificar e non pedir medidas de control sen máis, contestando Álvaro García Freire (BNG) que esas medias deben propoñelas os expertos da Xunta de Galiza

Seguidamente procédese á votación da moción en si, a cal é aprobada por unanimidade do asistentes, adoptándose, en consecuencia, o seguinte acordo:

- 1.- Instar á Consellaría competente da Xunta de Galiza a que faga un censo, neste concello e nos lindeiros, dos lobos e outros animais causantes de danos no medio rural.
- 2.- Instar á Consellaría competente da Xunta de Galiza a que se adopten medidas de control dos lobos e outros animais causantes de danos no medio rural, e.
- 3.- Instar á Consellaría competente da Xunta de Galiza a que se axilice o pago das indemnizacións, pois actualmente estanse pagando as do ano 2014.

7.- Rogos e Preguntas (55' 20")

A/ Preguntas presentadas por escrito

O alcalde constata que non hai preguntas presentadas por escrito, lembrando o acordado en plenos anteriores de que só contestaría aquelas preguntas presentadas por escrito, de feito que o goberno as puidera ter preparadas.

Hai un debate no que se manifesta por parte do grupo do BNG que teñen moitas preguntas para facer, contestando o alcalde que se tomará nota delas e responderanse no vindeiro pleno, como se acordou. Álvaro García Freire contesta que non houbo ningún acordo de que só se contestarían as preguntas presentadas por escrito, que fora unha decisión unipersoal do alcalde, contestando este que non é certo, que consensuou esa forma de actuar coa anterior portavoz do BNG, Manuela García Freire (preguntas por escrito admitíndose por correo electrónico, sesión do 14-04-2016).

Álvaro García Freire pide presentar as preguntas, contestando o alcalde que o faga, que se tomará nota.

A seguir realízanse as seguintes preguntas orais:

B/ Rogos e Preguntas realizadas directamente no pleno (56' 44")

A/ Farola que impide o paso ao camión da orquestra (57' 00")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane informa de que hai unha farola que impide o paso ao camión da orquestra, pedindo que se traslade un pouco máis arriba, preguntando o alcalde se é unha farola nova, contestando José A. Cotos que non, que xa ten varios anos.

B/ Estado da tramitación da auga de San Vincenzo (57' 50")

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta como está a tramitación do expediente de contratación da distribución de auga a San Vicenzo.

C/ Quen son os técnicos da valoración da contratación da obra de distribución de augas a San Vicenzo e tamén do Cefae e a que empresa ou entidade están vinculados (58' 03")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta quen son os técnicos da valoración da contratación da obra de distribución de augas a San Vicenzo e tamén do Cefae e a que empresa ou entidade están vinculados.

D/ Estado de tramitación do PXOM (58' 22")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta polo estado de tramitación do PXOM.

E/ Camiño da Lama. (58' 28")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta ao alcalde se está finalizado o camiño da Lama, preguntando o alcalde a cal se refire, concretando José A. Cotos.

F/ SGAE (58' 51")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta pola situación das débedas ao SGAE, contestando o alcalde que o prazo para decidir é ata febreiro e que en xaneiro terá unha reunión coas comisións e máis con el.

G/ POS-2016 (59' 12")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane comenta que a aprobación do Pos 2016 foi en decembro de 2015 e a súa execución sufríu un atraso moi importante e agora vai haber outro novo atraso por consideracións do contratista de que é mellor non facer as obras no inverno, contestando o alcalde que a tardanza foi debida en gran medida aos novos pregos aprobados pola deputación e que a opinión de atrasar agora a execución no é só pola opinión do contratista, pois falei co técnico e dálle a razón.

José Antonio Cotos Seoane reitera as súas críticas indicando que son pistas que levan moito tempo en mal estado, pedíndolle o alcalde que concrete a pregunta, contestando José A. Cotos que a pregunta é por que se tarda tanto.

H/ Farola caída (1h 02' 02")

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez pregunta por que non se repuxo aínda unha farola caída (de Charo), contestando o alcalde que foi tirada por un particular e estamos esperando a resolución do seguro, contestando Marta García Sánchez que o seguro xa ingresou os cartos no concello en agosto. O alcalde queda en comprobar o pago.

I/ Obras na zona de Díaz (1h 02' 48")

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez pregunta pola razón das obras que se está a facer pola zona de Díaz, de plantación de castaños, cerres, etc. En concreto pregunta se afectan ao noso concello ou fican fóra do mesmo. O alcalde pregúntalle á súa vez se se refire ao que mercou Inditex, contestando Marta García que si, que as obras están moi no límite dos concellos e pregunta se están dentro ou fóra, contestando o alcalde que o comprobará.

J/ Gastos emerxencia social (1h 04' 10")

O concelleiro do BNG, Álvaro García Freire di que unha cousa é non responder algo que se ten que comprobar e outra non responder a ningunha. Acto seguido pregunta pola modificación da ordenanza do IBI que propuxera seu grupo e que votarades en contra porque faltaba o informe de secretaría, e que vos comprometerades a tramitar e que xa pasou o ano sen facer, polo que para o ano que vén non pode entrar en vigor, preguntando a petición do alcalde de que concretase, por que non se modificou a ordenanza do IBI para introducir a bonificación ás cortes do gando e a rebaixa do IBI. O alcalde matiza que ninguén dixera que ía baixar o IBI.

K/ Petición de copia do informe da asistente social do que se falou hoxe, neste pleno (1h 06' 11")

O concelleiro do BNG, Álvaro García Freire solicita unha copia do informe da asistente social da que se falou hoxe, neste pleno, contestando o alcalde que por suposto, que lla vai dar xa hoxe, en canto baixemos. (Dálle a copia no propio pleno, xusto antes de levantar a sesión (1h 07' 44")).

L/ Queixa porque o alcalde non sabe o estado de tramitación dos expedientes (1h 06' 31")

O concelleiro do BNG, Álvaro García Freire comenta que se o alcalde non contesta a ningunha pregunta será porque non sabe o estado de tramitación dos expedientes do concello, centrándose no estado de tramitación da contratación do Cefae, contestando o alcalde que hai uns plenos quedouse, coa antiga portavoz do BNG, en responder ás preguntas que se presentasen por escrito e que mesmo lle confirmei, a petición dela, que valían por correo electrónico. No último pleno contestei preguntas presentadas oralmente, pero advertín ao final que o acordo anterior íase cumprir. Non hai nada máis.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as trece horas e cincuenta e catro minutos (duración de 1h 07' 57"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.